

RÚA PENDURADA

A de Novoneyra fora póstuma

ISIDRO
NOVO

Póñoome a escribir este artigo na véspera da homenaxe que os escritores lle imos tributar a Agustín Fernández Paz en Vilalba, como recoñecemento á enorme calidade da súa obra na que será a XV edición d'O *Escritor na súa Terra*, unha celebración anual creada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega no ano noventa e cinco do século pasado. Este evento naceu coa intención fundamental de brindarlle un recoñecemento en vida ao escritor homenaxeado por parte dos seus colegas, algo que parecía e segue a parecer axeitado,

pois aínda adoita ser bastante común iso de non recoñecer o talento dun artista ata que a pátina da morte recobre a súa figura.

Mais sendo o espírito da celebración agasallar o autor vivo, cómpre dicir que tamén nisto a regra tivo xa a súa excepción. E tívoo na VI edición coa figura de Uxío Novoneyra, a quen a parca sorprendeu sendo presidente da entidade creadora da homenaxe, polo que houbera que celebrar o que el cos maiores méritos merecía ao ano seguinte do seu falecemento. Fora aló, na súa Parada do Courel, a onde chegamos logo dunha revirada viaxe. Lembro aquel día con pesadume pola súa ausencia física, mais lembro tamén que esa ausencia me fixera evocar algúns dos seus poemas e mesmo vivencias compartidas con el no Lugo setenteiro.

Saboreaba as palabras ao dicilas como unicamente pode facelo un poeta: con fruición e DEMORA, esa palabra súa tan querida

A liturxia do acto ten entre outros ritos, o de que o autor elixa e plante unha árbore do seu agrado e no seu nome todos fomos botando terra riba das raíces dun carnabudo, que me fixera vir á mente aquel poema seu: ... *Camión da Veneira! / Carreiro dos dez regueiros! / Cereixas de carnabudo! Abrotias abrairas / pincheiras e pincheiras!*... O carnabu-

do, tamén chamado capudre, cancreixo e escornabois é unha árbore espectacular cando está no seu esplendor.

Ese día tamén lembrei o noso tránsito polas tabernas de Lugo bebendo escuras cuncas das que deixan ronsel de flor no cu e a el con aquela camisa de flanela vermella e negra que tan ben lle acaía recitando aquela estrofa dun dos *Poemas humanos* de Vallejo, de quen dicía que tiña unha fisionomía moi parecida ao seu amigo Oroza: *Considerado en frío, imparcialmente / que el hombre es triste, tose y, sin embargo, / se complace en su pecho colorado; / que lo único que hace es componerse / de días; / que es lóbrego mamífero y se peina...* Saboreaba as palabras ao dicilas como unicamente pode facelo un poeta: con fruición e DEMORA, esa palabra súa tan querida.●

Opinión Hoxe

Galicia Hoxe